

O comercio en Muxía no final do s. XVI: unha análise numérica

José Enrique Benloch Castiñeira

RESUMO

Complementando o labor de investigación de José Enrique Benloch del Río sobre o comercio muxián no s. XVI o presente artigo céntrase unicamente nas contas de negocios na vila durante cinco anos concretos do final daquela centuria. A fonte son datos dos tributos, non sempre completos mais recollidos de xeito relativamente sistemático, e abordámoslos desde dúas perspectivas diverxentes: a partir do número de transaccións e a partir do volume económico das mesmas. Estudaremos a cronoloxía, parámetros, medidas, mercadorías, impostos, orixes xeográficas e os e as protagonistas con nomes e apelidos.

Palabras clave

Muxía, comercio, mercadorías, comerciantes, s. XVI, peixe, viño, alcabalas, unidades de medida, cartos.

ABSTRACT

Complementing the research of José Enrique Benloch del Río about the commerce in Muxía in the 16th century, the present article is based only on the business accounts of the village during five years at the end of that century. The source is data from tributes, not

always complete but collected in a relatively systematic way, and we will approach that information from two different perspectives: from the number of transactions and from their economic volume. We will study the chronology, parameters, measures, merchandise, taxes, geographical origins and the protagonists with their names and surnames.

Keywords

Muxía, commerce, merchandise, traders, 16th century, fish, wine, sales taxes, units of measurement, money.

RÉSUMÉ

Complétant le travail de recherche de José Enrique Benlloch del Río sur le commerce à Muxía au XVII^e siècle, le présent article se base uniquement sur les comptes commerciaux du village pendant cinq ans à la fin de ce siècle. La source est constituée par les données des taxes de vente, pas toujours complètes mais collectées de manière relativement systématique, et nous aborderons ces informations sous deux angles différents : celui du nombre de transactions et celui de leur volume économique. Nous étudierons la chronologie, les paramètres, les mesures, les marchandises, les taxes, les origines géographiques et les protagonistes avec leurs noms et prénoms.

Mots clés

Muxía, commerce, marchandises, négociants, XVII^e siècle, poisson, vin, taxes de vente, unités de mesure, argent.

1. ANÁLISE EN BASE AO NÚMERO DE TRANSACCIÓNS (E NON AO VOLUME ECONÓMICO DESTAS)

1.1. Cronoloxía

O marco temporal estudado lévanos ao final do século XVI e abrangue sete anos, infelizmente con información só de cinco destes: puidemos acceder e tratar os rexistros do

ano 1589 e dos bienios 1591-92 e 1594-95.¹ En total, 209 compras ou vendas, con 1591 como anualidade á cabeza por cantidade de operacións:




Gráfico 1: Vista de operacións. Total de transaccións anuais 1589-1595 salvo de 1590 e 1593, dos que non temos datos.

Dos rexistros son minoría os que os responsables databan coa indicación de día e mes (22%).

1.2. Persoas

Aparecen uns 75 identificadores distintos dos compradores ou vendedores, que son tanto nomes propios -en maior medida; os identificados- como xentilicios -en menor medida; os anónimos- ou outras fórmulas. De todos os axentes son mulleres oito (arredor do 11%).

Se observamos só os comerciantes que teñen un mínimo de tres (umbral arbitrario) operacións nos cinco anos estudados, entre os anónimos prima a indicación xeográfica, que nos remite principalmente a terras marítimas tanto do norte (Asturias, País Vasco, ...) como do sur (Portugal). Os que máis se repiten:

1 AHDS, Fondo General 101

2 “BESTEIRO s. m. El encargado de una o varias bestias. || Balletero; BALESTEIRO. || Besteiro de lan, cardador de lana.” Eladio Rodríguez González Diccionario enciclopédico gallego-castellano Tomo I, A-CH (Editorial Galaxia, Vigo 1958)

Descrición de intervinente en transaccións	Número de transaccións en que se describiu así
un asturiano	4
un besteiro ²	13
un biscaíño	3
un castelán	3
un de Hondarribia	4
un portugués	5

Táboa 1: Vista de persoas. Descricións máis frecuentes para intervinentes anónimos en transaccións.

Canto aos mercadores nomeados expresamente os e as de maior número de intervencións (o volume de negocio verémolo despois) son:

Persoa intervinente en transaccións	Número de transaccións en que interviu
Juan Soarez	19
Pedro de Deus	18
Roi da Ponte	16
Bartolome de Lema	8
Maria Perez, de Santa Maria	8
Alberte Camaño	7
Francisco Vilaboa	7
Francisco de Lema	6
Alonso de Vilaboa	5
Juan Couseyro	4
Andres de Lastres	3
Arnao Sanchez	3
Domingo do Rial	3
Maria da Area	3
Pedro Bello	3
Quintas	3

Táboa 2: Vista de persoas. Intervintes en transaccións, identificados e identificadas, máis frecuentes.

1.3. Medidas

En termos de volume de negocio pode resultar chamativo que non sempre se indicaba a cantidade tratada, só no 76% dos rexistros individuais. En case todos os restantes (21%) apuntaban polo menos as alcabalas cobradas, o que se entende era o cometido esencial dos libros de apuntamentos. Nese 21% entrelemos operacións de pouca envergadura, a

maioría de dez reais ou menos de impostos, mais un par de veces alcanzaron e superaron o cento desa moeda.

As medicións máis frecuentes eran en:

pipas, medida inexacta de capacidade³, usada en 58 ocasións, era a propia do viño;

- quintais, medida de peso, en 30 operacións, principalmente para o congro;
- cabezas de gando, unidades, en 25 casos; e
- os milleiros, de unidades, noutros 25 casos, por exemplo para a sardiña.

Entre as inusuais contábanse botas, barrís, odres, azumbres, ducias, resmas... No 23% das ocasións nin o fixeron constar.

1.4. Mercadorías

Ás diversas mercadorías asignámoslles certas categorías e as que superaron o 1% de frecuencia na aparición ofrecen este sumario:

-
- 3 - *Vocabulario de Comercio Medieval Legado Gual Camarena* (Universidad de Murcia): 450 litros. <https://www.um.es/lexico-comercio-medieval/index.php/v/lexico/12725/pipa>
- *Diccionario* (Real Academia Galega): entre 250 e 500 litros.
<https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/pipa>
- «El vino y los recipientes con los que se mide y en los que se almacena. Catálogo léxico» Ana Carrillo Ayala *Revista Murciana de Antropología* n.º 12 (2005): 548.5486 litros.
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2295674>
- *Wikipédia*: 550 litros na região do Douro.
[https://pt.wikipedia.org/wiki/Pipa_\(medida\)](https://pt.wikipedia.org/wiki/Pipa_(medida))
- *Dicionário* (Priberam): entre 600 e 625 litros.
<https://dicionario.priberam.org/pipa>
- *Diccionario* (Real Academia Española), *Diccionario de diccionarios do galego medieval* (Universidade de Vigo), *Diccionario de diccionarios* (Universidade de Vigo), *Dicionário Estraviz*: non se dá un número específico de litros.
- *El comercio marítimo de Galicia (1525-1640)* de Juan Juega Puig (Universidade de Santiago): 497 litros. “La pipa pontevedresa era conocida en todo el litoral peninsular; su marca grabada a fuego aseguraba una capacidad de 3,5 moyos, de unos 142 litros cada uno.”
<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/4039>




Gráfico 2: Vista de operacións. Porcentaxe de transaccións segundo categoría da mercadoría.

Así visto o comercio en Muxía trataba de peixe e de viño e só en terceiro lugar de gando. Con todo, considérese que aquí estamos aínda falando en base ao número de operacións e non ao volume monetario de negocio, o que mostraremos logo.

Obviando as ditas categorías en que nós agrupamos e centrándonos na mercadoría específica de cada compra ou venda resulta que -cando a concretaron- as máis comuns foron:

Mercadoría	Número de transaccións desa mercadoría
do gando,	
- vacas	8
- roxelos	8
- almallos	6
do pescado,	
- congro	33
- sardiñas	19
- badexos	6
- pescadas	6
do viño,	
- tinto	39
- branco	16

Táboa 3: Vista de operacións. Número de transaccións en orde descendente das mercadorías máis habituais, agrupadas.


1.5. Xeografía

Da procedencia xeográfica foránea deixouse evidencia no 37% das operacións e, de entre estas últimas, maniféstase como un trazo, un dato, fortemente vinculado (83%) ás operacións de venda.

Mais a que lle chamaban venda e a que compra? Pois por exemplo as transaccións relativas a viño sempre, sen excepción, foron marcadas como “vendas” (68), igual que as de gando (25). Tamén -salvo un único caso- as de bens non alimentarios (15). Unicamente o peixe nos deixa no número de operacións un reparto a priori enigmático: calificarono de “compra” en 55 casos mais de “venda” en 29. Das primeiras, a maioría das 55 compras de peixe foron de persoas con nome e apelido (35) mais unha cantidade significativa, non: trátase de 20 nas cales só se identificaba o intervinente como asturiano, besteiro, biscaíño, castelán, ... En cambio a práctica totalidade dos tratos calificados como venda de peixe foron de persoas nomeadas. Conclúese logo que, á hora de pagar alcabalas, “comprar peixe” facíano tanto muxiáns como forasteiros mais cando se “vendía peixe” era cousa de veciños da vila. Finalmente as transaccións menores como a froita e os demais bens alimentarios practicamente sempre se marcaban como vendas.

Orixe xeográfica	Vendas	Compras
A Mariña	3	
Asturias	1	3
Betanzos	2	
Biscaia	1	2
Castela		3
Francia	1	1
Hondarribia	4	
Irlanda	1	
Noia	1	
Ourense	3	2
Pontedeume	2	2
Porto	8	
Portugal	5	
Ribadavia	9	
Ribadulla	1	
Salvaterra	7	
San Martiño	16	

Táboa 4: Vista de operacións. Vendas e compras co produto ou o intervinente vinculados a unha orixe xeográfica.



Mapa: Orixe xeográfica de mercadorías e/ou persoas no comercio muxián a finais do S. XVI.⁴

Na minoría dos casos con mención xeográfica “comprouse” (13 acordos)⁵ a Asturias, Castela, Biscaia, Ourense, Pontedeume e Francia. Porén con -figuradamente- etiqueta de lugar maiormente “vendeuse”, 65 veces,⁶ sumando as da Terra de San Martiño (anaco da Galicia meridional ao norte de Melgaço), do Porto⁷, de Salvaterra -estes tres topónimos precedentes, sempre vinculados ao viño- e, en inferior cantidade, mercadorías diversas de Portugal, Hondarribia, A Mariña⁸, Ourense, Betanzos, Pontedeume e finalmente mencións -tan puntuais como xeograficamente dispares- a Noia, Asturias, Biscaia, Francia e Irlanda (ou a persoas procedentes destas coordenadas).

-
- 4 Das mencións coñecidas nesta altura só fica Irlanda fóra desta vista do sureste europeo entre o océano Atlántico e o golfo de Biscaia. Os topónimos sinalados con asterisco parecen a priori estar máis abertos a interpretación que os demais.
 - 5 En orde descendente de número de operacións.
 - 6 Ao igual que supra, tamén de máis a menos transaccións.
 - 7 del Puerto, no orixinal en castelán. Pode referirse á cidade lusa do Porto ou a outro porto.
 - 8 de la Marina, no orixinal en castelán. Pode referirse á Mariña luguesa, a Marina cántabra, etc.

2. ANÁLISE EN BASE AO VOLUME ECONÓMICO DAS TRANSACCIÓNS

2.1. Parámetros

Para as contas monetarias manexamos catro variables numéricas distintas (aínda que desafortunadamente as persoas que apuntaban os rexistros non sempre deixaron constancia delas todas):

- a) a cantidade comerciada de produto,
- b) a cifra da transacción por unidade,
- c) o importe total polo que se vendeu e
- d) os impostos pagados.

O máis fácil é explicalo cun exemplo:

- a) vendéronse 8 quintais de congro,
- b) a 60 reais por quintal, do que resulta
- c) un montante de 480 reais, mais destes
- d) o 10%, 48 reais, pagáronse en alcabalas.

2.2. Alcabalas anuais

Podemos en calquera caso saber xa os impostos recaudados para cada ano -que arroxa totais decrecentes-, categoría, mercadoría e persoa. Nos anuais obsérvase unha redución nun lustro a menos dunha quinta parte:




Gráfico 3: Vista monetaria. Sumatorios de alcabalas recaudadas anualmente dos períodos dos que hai datos.

Préstese atención ao gráfico anterior porque aínda que este é monolítico, dado que xunta todos os produtos vendidos e comprados en cada ano, despois ímolo ver “por dentro”, coas seccións horizontais esenciais que conforman cada unha desas cinco barras verticais.

2.3. Alcabalas por mercadorías

O viño lidera (5146 reais mínimo, xunto con outros 145 conxeturados) a xeración de impostos, con máis do dobre pagado que o peixe, que queda no segundo posto (2360 r). Na escala inmediatamente inferior a eses dous produtos principais están os bens alimentarios diversos (aceite, allos, pan, etc.), os cales montan 109 r. Os produtos non alimentarios como ferro, brea, lenzos, alcatrán, madeixas, papel, etc. xa baixan ao terceiro chanzo, totalizando entre todos 60 r e só superados pola suma de gando e carne (65 r). De última queda a froita con 11.5 r. A desproporción entre as mercadorías principais é tal que se pode simplificar enormemente dicindo que o viño paga dous terzos das alcabalas totais, o peixe o outro terzo e, a gran escala, o resto dos produtos son case irrelevantes.




Gráfico 4: Vista monetaria. Porcentaxes de contribución ás alcabalas por categoría de mercadoría.

E se queremos saber por exemplo cales viños ou pescados aportan maiormente a esa división por categorías? Observando cantas alcabalas rende cada produto específico -alí onde se pode saber- resulta estoutro reparto no que, por simplificar, só pomos o nome dos que exceden os 100 reais de contribución:




Gráfico 5: Vista monetaria. Porcentaxes de contribución ás alcabalas por mercadoría específica.

Así que do viño, o tinto, e do pescado, o congro, son os dous pesos pesados no comercio estudado. Como anteriormente viamos unha redución drástica na recadación en 1595 podemos usar ambos como indicador para ver se detectamos algún síntoma arredor dese descenso. Engadamos o viño branco como terceiro parámetro e agrupemos todos os demais produtos nunha cuarta variable e obtemos o seguinte:




Gráfico 6: Vista monetaria. Partes de contribución ás alcabalas anuais por mercadorías historicamente maioritarias.

Aparentemente esta representación convidaría a conxeturar que faltan datos, polo menos do ano 1595.⁹ De entrada resulta moi chamativa a diminución abrupta da recadación polo viño tinto dun ano (1591) para os seguintes máis, mesmo que asumísemos iso e máis a desaparición do viño branco en 1595, custaría moito máis facelo do congro, que ten nos anos coñecidos até 1594 unha presenza tan sólida como estable.

Dos máis de douscentos rexistros dispoñibles só cento e medio teñen datos abondos para permitírnos emparellar a cantidade de produto movido co importe de imposto pagado. Saen algúns resultados anecdóticos, especialmente cando se trata de produtos (e. g. acei-

9 A pesar de que hai algúns rexistros completamente datados que nos remiten a febreiro, maio ou novembro do ano.

te¹⁰, papel¹¹, etc.¹²) ou medicións dos mesmos (e. g. viño por botas¹³ ou odres) que son inusuais. Mais se nos centramos só en bens e unidades habituais obtemos un retrato moi claro dos tributos pagos:

- no gando,
 - por cada roxelo¹⁴ tributouse $\frac{1}{3}$ de real (visto catro veces), $\frac{3}{8}$ r (dúas veces), $\frac{1}{2}$ (unha) e $\frac{3}{2}$ r (outra);
 - por un castrón $\frac{1}{2}$ r e por un carneiro 2 r;
 - por cada almallo 2 r (seis veces, unha apuntada coa palabra boi), 1 r (unha única vez);
 - por cada vaca igualmente 2 r sempre (oito veces);
- no pescado,
 - as pescadas tributaban entre $\frac{1}{2}$ e $\frac{3}{5}$ de reais por ducia (observado en seis transaccións);
 - a parrocha $\frac{1}{5}$ de real por milleiro (en dúas ocasións);
 - a sardiña tiña tamén un tributo bastante estable, entre 0.57 e 1.12 real por milleiro en todos os casos (dezanove operacións);
 - o xurelo poucas veces se comprou (tres) mais sempre cunha alcabala exacta de 1 r/m;
 - a agulla só aparece nunha transacción mais cun tributo alto, 23 r/m;
 - na maioría (no 84%) dos casos o congro tributa entre 6 e 9 reais por cada quintal, este pescado ten un prezo moi estable, de feito exacto de 6 r/q (a moda) en máis da metade (54%) das ocasións e con só outras tres transaccións nas cales, se non nos trabucamos nos cálculos, se desvíaa alcabala até a vintena de reais por quintal;


10 De alcabala pagouse, nunha transacción, 0.42 reais/litro.

11 De alcabala, nunha transacción, 0.67 reais/resma.

12 De alcabala, nunha transacción, 0.35 reais por madeixa de cáñamo. Noutra operación, o alcatrán estaba em impostos a 1.11 reais/barril. Noutra, a breaa 0.7 reais/quintal. Noutras dúas, o ferro a un e a seis reais por quintal.

13 De alcabala, en varias transaccións, pagouse entre 9 e 21 reais por bota.

14 Segundo o dicionario Estraviz.org roxelo pode definir tanto cría de gando ovino como bovino, entón non aventuramos de cal dos dous se trata.



2.4. Alcabalas por persoas

Vexamos agora os nomes propios. Os maiores comerciantes en termos de pagamento de alcabalas, mulleres e homes que contribuíran individualmente máis de cen reais, foron:

Sexo	Persoa	Suma de alcabalas recaudadas (en reais)	Nº de transaccións
♂	Juan Soarez	1440	19
♂	Roi da Ponte	1117.5	16
♂	Pedro de Deus	872.5	18
♀	Maria Perez, de Santa Maria	757.5	8
♂	Bartolome de Lema	706.5	8
♂	(un castelán)	509	3
♂	Francisco Preto	505	2
♂	Juan Fernandez Castellano	300	1
♂	Alberte Camaño	269.25	7
♂	Gregorio Faxardo	165	1
?	Castro	150	1
♀	Maria da Area	105	3

Táboa 5: Vista de persoas. Principais contribuíntes en suma descendente de alcabalas, con cadanseu total de operacións.

2.5. Prezos de venda dos viños

Até aquí levamos observado como cada produto pagou alcabalas mais non vimos cal era o beneficio que aportaba ao comerciante. Hai sempre unha certa relación entre ambos importes monetarios, dado que as alcabalas eran unha parte do prezo de venda, unha porcentaxe que dependía de cal mercadoría se tratase e doutras circunstancias. Non obstante, se deixásemos o imposto a un lado e nos fixásemos só no prezo por exemplo dos viños con importe¹⁵ segundo o seu tipo e denominación de orixe, que diferenzas habería?

15 Referímonos a aqueles dos que consta o importe conxunto polo que se vendeu unha cantidade de viño ao comprador. Ese importe non se indicou sempre, ás veces só apuntaron canto se pagou de alcabalas e, como non expresaban ademais cal era a porcentaxe de imposto, daquela non se pode calcular con exactitude cal foi o prezo total de venda. O prezo base si consta habitualmente, de xeito literal nos apuntes manuscritos orixinais, en maravedís por azumbre, mais como a capacidade vendida non a indican correspondentemente, en azumbres, senón case sempre en pipas, entón temos que estimar o prezo de venda, e facémolo sistematicamente considerando as pipas como de 500 litros e os azumbres de 2.

Tipo de viño (T.V.)	Subtotal estimado das venda do T.V. en reais	Media dos prezos do T.V. declarados en maravedís por azumbre	Desviación típica dos prezos declarados para o T.V.	Nº de vendas declaradas do T.V.
tinto de San Martiño	13705.88	27.75	2.11	8
tinto de Salvaterra	10931.82	30.40	6.25	5
(viño sen identificar)	10541.59	23.08	7.63	6
(tinto sen identificar)	8257.36	24.17	6.17	6
tinto de Ribadavia	5500	31.00	3.00	2
branco do Porto	3794.11	32.00	1.63	3
viño de Ribadavia	3251.18	44.00	6.00	2
branco de Ribadavia	2345.59	36.00	2.00	2
tinto do Porto	2338.23	28.00	2.83	3
tinto de Ourense	2095.59	29.00	14.16	3
(branco sen identificar)	1257.35	38.00	0.00	2
branco da Mariña	970.59	22.00	0.00	1
branco de San Martiño	823.53	28.00	0.00	1
branco de Ribadulla	250	34.00	0.00	1
tinto da Mariña	161.77	22.00	0.00	1
	66224.59	28.88	7.78	46
	<i>Cela superior: total estimado do prezo de venda (en reais) dos viños con importe. Coincide co sumatorio do columna supra.</i>	<i>Cela superior: prezo medio (en maravedís por azumbre) de todos os viños con importe.</i>	<i>Cela superior: desviación típica do prezo de todos os viños con importe.</i>	<i>Cela superior: total do número de transaccións (en concreto foron vendas) de viños con importe. Coincide co sumatorio da columna supra.</i>

Táboa 6: Vista monetaria. Diñeiro xerado por cada tipo de viño, co seu prezo base, desviación típica e número de vendas.

Segundo a nosa estimación os tintos de San Martiño, primeiro e non lonxe dos catorce mil reais, e os de Salvaterra, segundo con máis de dez mil reais, serían os que máis cartos xeraron en volume de ingresos sen descontar alcabalas, seguidos por unha masa de negocio moi considerable de caldos non identificados nin por cor nin por orixe, a cal é case equiparable ao segundo posto. En cuarto lugar dentro dos principais estaría outro conxunto de importes de vendas do cal unicamente sabemos que eran tintos mais non de onde viñan, sumando máis de oito mil reais, e en quinto situaríase o tinto de Ribadavia con cinco milleiros e medio de reais. Na escala monetaria dos tres e dous milleiros estarían en orde decrecente o branco do Porto, o viño de Ribadavia sen especificar, o branco de Ribadavia e os tintos do Porto e de Ourense. Moito por baixo dos dous mil reais quedarían os brancos sen identificar e os da Mariña, San Martiño e Ribadulla e finalmente situaríase o tinto da Mariña, que pecha a táboa. O valor total de comercio do viño superaría os sesenta e seis mil reais nos cinco anos de que temos datos.




Gráfico 9. Vista monetaria. Porcentaxe de negocio (%) estimada de cada tipo de viño, co prezo base declarado deste, en maravedís por azumbre.




Gráfico 10: Vista monetaria. Porcentaxe de negocio (%) das orixe do viño, con cadanseu volume absoluto estimado, en reais.




Gráfico 11: Vista monetaria. Porcentaxe de negocio (%) dos tipos do viño, con cadanseu volume absoluto estimado, en reais.

2.6. Principais comerciantes de Muxía

O número de transaccións e as alcabalas pagadas dan orientacións mais non nos indican directamente quen eran as persoas con maior capacidade comercial¹⁶ na Muxía de finais do século XVI. Unicamente o poderemos saber polo montante total do prezo de vendas e compras efectuadas, considerando que nos produtos de maior peso se dá unha diferenza:

- o congro dase pesado en quintais e o prezo de venda consta en relación directa, en reais por quintal, entón o cálculo do importe de venda é inmediato;
- polo contrario, do viño a capacidade rexístrase en pipas -non en azumbres- mais o prezo dase en maravedís por azumbre, entón o importe de venda témolo que estimar a partir de tres hipóteses: 1 pipa = 500 litros, 1 azumbre = 2 litros e 1 real = 34 maravedís.

Feitas estas consideracións e segundo os datos dispoñibles presentamos unha lista selecta de comerciantes maiores, aquelas persoas -con senllas mulleres nos postos 4º e 10º- que venderon por máis de mil reais no período analizado:

Posto	Persoa	Venda total en reais	Detalle básico das transaccións que conforman a venda total, cos seus respectivos importes en reais, redondeados e en orde decrecente de cuantía, coa indicación de se cada importe se calculou ou se estimou
1º	Roi da Ponte	16057.74	venda viño 3088 r estimado + venda viño de Ribadavia 2884 r estimado + venda viño de Salvaterra 2307 r estimado + venda viño de Ribadavia 2000 r estimado + venda viño 1912 r estimado + venda viño 1765 r estimado + venda congro 480 r calculado + venda viño de Ourense 441 r estimado + venda congro 390 r calculado + compra congro 375 r estimado + venda viño de Ribadavia 250 r estimado + compra sardiñas 113 r calculado + venda agullas 54 r calculado
2º	Juan Soarez	15666.58	venda viño de Ribadavia 3500 r estimado + venda viño de San Martiño 2868 r estimado + venda viño de Salvaterra 2654 r estimado + venda viño de Ribadavia 2096 r estimado + venda viño 1578 r estimado + venda viño de Ourense 1257 r estimado + venda viño de San Martiño 1235 r estimado + venda viño 243 r estimado + venda viño de Porto 235 r estimado

¹⁶ En boa parte equivalente á actual facturación.

3º	Pedro de Deus	11920.57	venda viño de San Martiño 2206 r estimado + venda viño 2206 r estimado + venda viño de Porto 1412 r estimado + venda viño 1338 r estimado + venda viño de Porto 1147 r estimado + venda viño de Porto 956 r estimado + venda viño de Porto 882 r estimado + venda viño 559 r estimado + venda viño 529 r estimado + venda viño de Betanzos 485 r estimado + venda brea e ferro 200 r calculado
4º	Maria Perez, de Santa Maria	10880.91	venda viño de San Martiño 2882 r estimado + venda viño 2294 r estimado + venda viño de Salvaterra 2294 r estimado + venda viño de Salvaterra 1912 r estimado + venda viño de San Martiño 824 r estimado + venda viño de San Martiño 574 r estimado + compra sardiñas 102 r calculado
5º	Bartolome de Lema	8265.01	venda viño de San Martiño 2265 r estimado + venda viño de Salvaterra 1765 r estimado + venda viño 1647 r estimado + venda viño de Porto 1500 r estimado + venda viño 699 r estimado + venda congro 390 r calculado
6º	Alberte Camaño	3407.59	venda congro 1305 r calculado + compra sardiñas 712 r calculado + venda viño de San Martiño 574 r estimado + venda viño de Ourense 397 r estimado + venda viño de Ribadulla 250 r estimado + compra sardiñas 170 r calculado
7º	Juan Fernandez Castellano	3115.00	compra congro 3115 r calculado
8º	Francisco Preto	2728.00	venda congro 2728 r calculado
9º	Gregorio Faxardo	2102.94	venda viño 2103 r estimado
10º	Maria da Area	1154.36	venda viño de A Mariña 971 r estimado + venda viño de A Mariña 162 r estimado + venda ferro 22 r calculado
11º	Roi Martin	1102.94	venda viño de San Martiño 1103 r estimado

Táboa 7: Vista monetaria. Principais persoas no comercio muxián, importe vendido por cada unha en reais e operacións.

ABREVIATURAS

- AHDS. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago
 mrv aç. maravedí por azumbre (importe monetario respecto de unidade de capacidade, 1/34 real por 2 litros aprox.)
 r. real (moeda)
 r/q. real por quintal (importe monetario respecto de unidade de peso)
 r/m. real por milleiro (importe monetario respecto de cantidade de unidades)
 T.V. tipo de viño